

EDITORIAL

Unha vez máis, como en anos anteriores, é necesario abrir o número 18 da revista QUINTANA dando conta de varios feitos importantes. Un deles nos entristece de xeito moi profundo pois temos que recordar o falecemento dun amigo e colaborador como foi Gonzalo Borrás Gualis, que nos brindou o seu último artigo de investigación no número anterior, indicándonos de xeito moi preciso as que foron as súas achegas principais sobre unha Arte Mudéxar que convertera en pedra angular das súas investigacións. A Gonzalo, pois, o noso recordo e afecto máis sentido. Pero xunto a isto QUINTANA necesita tamén dar a coñecer dúas noticias moi positivas: a incorporación a unha nova base de datos internacional como é Index Islamicus de Brill, e que alcanzamos no índice MIAR ou Matriz de Información para a Análise de Revistas (2019), un factor de impacto de 9.7, o que supón avanzar dous puntos sobre a cualificación anterior e sitúanos moi preto do tope máximo establecido en 11. Todo un logro que nos serve de aliciente para seguir avanzando. Finalmente, tamén é necesario sinalar que, a partir do presente número, QUINTANA conta cun novo e terceiro secretario, Miguel Anxo Rodríguez González, compañeiro do Departamento de Historia da Arte, a quen lle damos a benvida, xustificando polo crecente grado de traballo e esixencias a que nos obriga estar presentes en bases de datos de tanta importancia.

Xa entrados no presente número, co Tema monográfico que leva por título Cidades en papel. Arquitectos e artistas, espectadores e transeúntes, debe dicirse que conta con moi brillantes investigadores invitados. Entre eles Fernando Marías e José Riello, que analizan todo o que rodea a lenda da primeira capela da Virxe do Pilar de Zaragoza, construída polo Apóstolo Santiago, e que podería atoparse oculta na Santa Capela actual proxectada por Ventura Rodríguez; igualmente Lia Romano, que aborda a rica iconografía relativa ós dous terremotos que afectaron á Provincia de Basilicata na Italia meridional en 1851 e 1857; Ángel Isac, pola súa banda, reflexiona sobre os textos que deron conta das múltiples ensoñacións urbanas e arquitectónicas e do artificio actual que ten como resultado a chamada cidade intelixente; María Encina Cortizo e Ramón Sobrino afondan nos novos modos de lecer e sociabilidade que viviu o Madrid isabelino e nos que a música ocupou un papel moi relevante; e finalmente hai que sinalar a chegada de Jorge Gorostiza López, centrada na fascinación que o cine sentiu polas vistas aéreas urbanas, focalizando a súa análise na realidade de Madrid e nos sistemas informáticos modernos, o que implica un novo modo de pensar e experimentar a paisaxe urbana e un cambio significativo nos espectadores e transeúntes.

O apartado Colaboracións, como vén sendo habitual, conta cun amplo número de autores que desenvolven moi distintas investigacións. Así, Costanza Beltrami analiza a capela funeraria de Juan Guas na igrexa toledana de San Xusto e San Blas, Francisco Manuel Carmona Carmona a pegada e presenza flamenca e italiana nos conventos cordobeses de nais dominicas, Guadalupe Carrasco González o mercado de pintura española en Estados Unidos nas primeiras décadas do século XIX, Almudena Fernández Fariña a pintura sen soporte na arte contemporánea, do mesmo xeito que Roberto González Ramos estuda os aspectos relativos á construción da igrexa do Colexio Maior de San Ildefonso en Alcalá de Henares ou Pilar Irala Horta que aporta a súa particular reflexión sobre a industria artística na contorna transmedia das redes sociais. Á súa vez José Alberto Morais Morán e María Ximena Urbina Carrasco analizan o influxo da mezquita de Córdoba no movemento arquitectónico neoárabe americano, José Antonio Peinado Guzmán as custodias de Hernando Ortiz, un ourive granadino do século XVII, Marta Pérez Pereiro e Silvia Roca Baamonde a traxedia subxacente na personaxe de Cándida interpretado pola actriz Niní Marshall, Luís Puelles Romero os debuxos de Unica Zürn ou Isabel Rodrigo Villena que se centra na análise das mulleres artistas e a imaxe feminina

na revista *Alfar*. Para rematar hai que sinalar as achegas de Guadalupe Romero Sánchez sobre o pintor Alonso de Narváez e a devoción á virxe de Chiquinquirá, de Íñigo Sarriugarte Gómez sobre o camiño cubista cara a experiencia *n-dimensional*, e Mariana Sverlij sobre a viaxe cara á Antigüidade no Soño de Polifilo de Francesco Colonna.

Pola súa banda o apartado Escritos sobre... recupera nesta ocasión o guión A Esmorga escrito e composto por Eloy Lozano Coello, que se abre cun estudo pormenorizado de Iván Villarrea Álvarez. Feitos e tendencias dá conta, á súa vez, de dúas grandes exposicións que tiveron como protagonista a Castelao: Alba de Gloria: unha experiencia e Castelao maxistral. A boa obra o mestre honra, que son comentadas polos que foron os seus respectivos comisarios Manuel Gago e Miguel Anxo Seixas. Obviamente, non falta o apartado de Reseñas no que se comentan publicacións recentes que teñen que ver co campo da Historia da Arte. Polo tanto, resta para concluír agradecer a axuda prestada por todos aqueles que fixeron posible a edición deste número: ós secretarios Jesús A. Sánchez García, Julio Vázquez Castro e Miguel Anxo Rodríguez González, pola súa gran entrega e absoluta dedicación, ós consellos de redacción e científico pola súa axuda xenerosa, que fago tamén extensible a todos aqueles que colaboraron na avaliación dos distintos artigos e, está claro, a Juan Luís Blanco Valdés e a José Enrique Quintáns Míguez polo apoio e cobertura que sempre nos prestaron desde o Servizo de Publicacións da USC. A todos, pois, o meu máis sincero recoñecemento.

Alfredo Vigo Trasancos
Director de QUINTANA